

PEPA ANDREA

NOVELA ÍNOTA DE

PEDRO GUIMAREY

ESCEIFICADA POR

J. PÉREZ PARALLÉ

NÓS, PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA
VOLUME LVII - RUA DO VILAR, 15 - SANTIAGO

DEBIA

GA

UÑA

01

teca

516 39401

Pepa Andrea

novela iñota de

PEDRO GUIMAREY

esceificada por

J. PÉREZ PARALLÉ

NÓS, PUBLICACIÓNS GALEGAS

VOLUME LVII

RUA DO VILAR, 15 - SANTIAGO

Pépa Andrea

novela inédita de

PEDRO GUIMARÉ

escolhida por

J. PÉREZ PARALÉ

NOVA PUBLICAÇÃO
1938
LIVRO DE 128 PAGINAS



P E R S O A X E S

Pepa Andrea

Sariña

Manoela

Unha probe

Señor Andrés

Pepiño

Don Xerardo

Don Benito

Antón

Xerardiño, neno

Un lazarillo

*O desenrolo en calquer lugar
de Galiza e nos derradeiros
tempos da monarquía*

Dereita e esquerda do público



O gran house
Auton Villar Ponte,
cousa un ouaco bouil
doso da uosa uosa belida

Pedro Guimaraes
16-10-33

PRÓLOGO

Lein «Pepa Andrea». Agradoume a súa lectura. Por dúas cousas: porque encerra unha fina sensibilidade literaria e proba que o seu autor ten condicións pra obras de maior empeño.

Agora ben: si algún defeuto vexo en «Pepa Andrea» —defeuto pra min; quizás non'o sexa pra o gran público—, é o do simbolismo dos persoaxes dramáticos. O escolante e o crego —Pedagogía e Irexía en loita tendenciosa onde os sentimentos do autor se ven, parcializados—, fáuse máis que persoaxes de carne e oso, bonecos artificiosos buscados pra sentar unha tese anticlerical.

Esta tese, como tese, a min non me desagrada porque combato e combatirei sempre a praga do clericalismo. Mais a arte teatral que arela permanencia é a que crea seres que non son rectilíneos nin queren probar nada, senou viviren, a xeito das circunstancias levados pol a punta do destino.

Temos que fuxir do teatro de símbolos do século pasado, no que caíu o mesmo Galdós, onde o inxeneiro era sempre a liberdade, o progreso; e o comerciante, o mercadeiro e o crego, a reación.

Si de algo está necesitando Galicia é do cultivo do folk-drama pol o xeito dos do teatro irlandés. Teatro d'ambiente e de costumes onde as almas se moven avaladas pol-o seu ser natural, como peixe na i-auga. Dramatis personae que parecen anacos da Natureza onde o espírito escintile e tremeluza coa gracia orixinal do que non pode ser d'outra maneira.

«Pepa Andrea», este drama de Pedro Guimarey é bó; algo do século XIX. E nós temos que criar o teatro d'iste século que arrenega d'artificio pra ollar a beleza espelleante na i-auga da lagoa azul do primitivismo. Temos que buscar as verdades en primeira man, bebendo de novo, c'o noso propio vaso, nas fontelas cri-taiñas e gurgullantes da raza. Porque n'iste senso, o teatro galego aínda fica inédito. Os conterráneos que fixemos teatro, fixémoslo calcado d'abondo nos patróns xa murchos da dramática castelán oitocentista. Hai que se decatar, pois, que eu críticome a min mesmo antes de criticar os mais.

Pedro Guimarey ten, coa su requintada sensibilidade literaria, condicións d'abondo pra facer obras notabres, tan axiña como se ceibe de prexuícios antergos.

Hai belidos motivos galegos que andan a pe diren a estilización literaria para fondo de obras onde as forzas da Natureza reaccionen con nidia espontaneidade.

Pra Guimarey, que é mozo íse camiño é o comenente. N'ise camiño a sua pruma pode trazar cousas admirables.

O teatro que perdura ao longo dos tempos mais

que ética é estética. A estética ten inmovilidade de cumio; a ética movibilidade de nube. Ésta acaba por se esvair no inmenso ceo das culturas pasaxeiras. Aquéla, non. Habrá cambios de sensibilidade a través das xeneracións; pero desde Home-ro a hoxe, os xenios literarios nunca deixan de selo.

Todo esto escrito ao correr da pluma ha de probar unha cousa: a estimanza que en min despertaron os merecimentos literarios de Pedro Guimarey, este mozo autor de «Pepa Andrea» ten un rexo temperamento d'escritor. É unha esperanza da literatura galega que eu poño na miña memoria.

ANTONIO VILLAR PONTE.

Madrid, 1.º de Xulio de 1933.

AUTO PIRMEIRO

PIRMEIRO CADRO

«A raíz do toxo verde
é moi mala d'arrincare
os amoríños pirmeiros
son moi malos d'olvidare».

Repersenta a escea un día de afogante calor, e na terra, os campos de dourado e mesto trigo, son o fermoso e rebolideiro còrido d'aquel logar ourizado e disformoso.

Os talos, esmiñancados pol-o peso d'as espigas maludecidas, dóbranse con esmaiolamento deixando axexar as roxas cariñas das garimosas ababas que parecen surrir ao ceo outo.

Na longa e sîmétrica feitura dos sulcos dibúxanse moitismos abanadores de roibo còr abancados pol-a lixeiriña gris do vento, que do mar lonxano ven.

Sobor d'iles, duceas de famentos e brincadores gorribatos, rebullan os recimos dourados d'as espigas qu'o sol derradeiro vai bicando còs seus cabelos espallados, esmorecidamente.

PEPA ANDREA

ESCEA I

*Pepa Andrea, entramentras arrinca
nas erbas que nascen pol-os arredores,
deixa fuxir da sua gorxa cristaiña
unha cantiga de recordanza.*

Pombiñas do mensaxe
levade o meu cantar
n'as vosas aas brancas
alén do bravo mar.

*Inda non se perderan os engaiolados
sons da cantiga, cando os ollos de
Pepa Andrea toparon con don Xerardo,
que pol-o carreiro viña.*

P. ANDREA

¿Adonde vai meu compadre tan pintureiro?

D. XERARDO

Entrando na escea.

Pois hoxe como é día de xolga vou visital-a mi-
ña nai, e aproveitando de que mañan é domingo
poido facel-o viaxe mais calmo.

P. ANDREA

¿E por qué hoxe non ten escola?

D. XERARDO

Aloleado pol-a pregunta.

¿Mais non sabe vosté que é a festa relixiosa?

P. ANDREA

¡Abofé que non me decataba!

D. XERARDO

A min non é que me intrese unha gaita todo iso;
pro... non quero coauzonar os nenos.

O cura visitoume onte pra que eu llos levara
formadiños coma soldados. ¡Estariache bonito!

P. ANDREA

Xa me supoño o que vostede lle diría...

D. XERARDO

Atallándoa.

Que eu iso non o facía, e como non quería decirles nada aos pequenos, o úneco que podía era deixalos na liberdade de facel-o que eles quixeran ou o que ordenaran os seus pais.

P. ANDREA

¿E don Benito?

D. XERARDO

Don Benito marchou aburado, e creio non tornará máis pol-a miña casa.

P. ANDREA

Reñíndolle agarimeira.

Vostede tan falador coma sempre. ¿Por qué non se ha de levare ben con don Benito, si él é tan bon?

D. XERARDO

Un pouco gravisco.

Mire Pepa: Eu teño, como todo traballador, duas persoalidades; unha, como escolante e outra a da miña condizón de home.

Pol-a primeira, teño a obriga de traballar delicadamente a intelixencia dos nenos; e como home, poido pensar e facel-o que eu queira,

P. ANDREA

Boeno, home, boeno; non se poña así que parés que me vai a comere.

Cada ves que lle falo da escola e da eirexa pon-se vostede que non se lle conosce.

D. XERARDO

Unha miaxa noxado.

Eu lle agradecería que cambeasemos de fala; non quero lembrarme das ameazas do señor cura.

ESCEA II

Os mesmos e Manoela.

MANOELA

Entrando.

Boas tardes, don Xerardo.

D. XERARDO

Boas tardes, Manoela.

MANOELA

Dándolle a Pepa Andrea un caldeiro.

Aquí lle traigo o caldeiro que deixou esquencido no alpendre.

P. ANDREA

Tes razón, muller, tes razón; ¿onde levarei a cabeza?

Cambeando.

E agora que teño acordanza, traguérasme os traballos de costura.

MANOELA

Sí, señora.

P. ANDREA

Non te esquezas.

MANOELA

Perda coidado.

Saindo.

Boas tardes.

D. XERARDO E P. ANDREA

Adiós.

ESCEA III

D. Xerardo e Pepa Andrea.

D. XERARDO

Dempois d'un tempo de silencio.

¿E pra que é ise caldeiro?

P. ANDREA

Surrindo:

¿Pra que é? Pra darlles un concerto aos paxariños; a ises encantos da Natureza como vostede lles chama.

Porque nin con poñerlles un home feito de trapos no medio do trigo, os condabados fuxen.

I-é qu'os homes viñeron a dar en tan pouco nista nosa terra, que non espaventan nin os gorriós.

D. XERARDO

¿Mais como vai a facer pra espantaxalos unha cousa tan belida, cando os homes non poden?

P. ANDREA

Se non poido pol-a figura, valereime do inxenio botando n'iste caldeiro unhas pedriñas e sacudindo ben, fai un ruído pouco acariñento, i eles como son tan delicados, fuxen ao ouir a cencerrada.

D. XERARDO

Si vosté cavilara no bos que son os paxaros, non solo os deixaba comere, senón que hastra lles votaría mais.

P. ANDREA

!Qué babeco e eisaxerado é!
Sempre o mesmo.

A Natureza o pon tolo de tal maneira que non ve mais que subrimidades.

D. XERARDO

Non tanto, Pepa Andrea, non tanto.

P. ANDREA

Quixera que fose seu o trigo pra sabel-o que facía.

¿Por qué, xa que os quere tanto, non merca uns ferrados d'él e llos deixa comer?

D. XERARDO

Amoroso.

Eu non poido facer iso; pro non teña dúbida que...

P. ANDREA

Atallando.

Cale... Xa sei o que me vai a decire.

Agárdeme aquí, si quer, nun intre vou dal a volta ao trigal.

*Mentras o corpo belido de Pepa Andrea
vaise perdendo nos dourados trigaes,
don Xerardo fala quediño, moi quediño,
co seu eorazón.*

ESCEA IV

D. Xerardo sô.

Morriñento.

¡Eiquil... ¡Eiqui sôio, falando co meu corazón,

aloumiñado pol-a lus morredoira da soedade; co
meu pensamento amargurado!

Eiqui, cheo de nostalxia, d'un amor meiguiceiro,
mais fuxidio.

Sentándose n-unha pedra.

Sô Pepa Andrea, sô i esventurado!

Achegado a ti co pensamento, e de ti lonxano
pol-a vida.

Aviscandoche admirante cos ollos mortizos
pol-a malenconía.

Medoñento de qu'a miña temeridade poida ras-
texar na tua y-alma virxinal e feitiza...

*Escóitase neste momento o ruído do
caldeiro e a voz doce de Pepa An-
drea que espantalla os paxaros.*

P. ANDREA

Lonxe.

¡Mireos, mireos como fuxen, como revoldean e
chiran os comellós!

¡Voade, famentos... ¡Voade, voade d'eiqui!

D. XERARDO

*Aloleado pol-a vos de P. ANDREA, er-
guendo o corpo.*

¡Escoita meu corazón murchado a sua vos cantariña. Aniña no teu seo, ferido peito meu, a sorrisa dos seus lembrós recedentes!

Emocionado.

Pepa, Pepiña Andrea... miña virxe...

*Afogado d'amor, don Xerardo, queda
cos ollos perdidos no ceo, hastra que
é despertado do seu ensono pol-a fala
de Pepa Andrea.*

ESCEA V

D. Xerardo e Pepa Andrea

P. ANDREA

Entrando.

¡E aínda di vostede que os deixe comere?... ¡Virxe do Carmel! Nin un gra lles hei de deixare, como poida.

Silenzo curto.

¡Cantos traballos ten unha que sufrir soila, loitando con tanta facenda!...

¡Cómo se sinte a falla d'un home.

D. XERARDO

Un home, Pepa Andrea... Seu home, seu Antón.

P. ANDREA

Si; meu Antón (lembrándose); meu Antón, que xa se esqueceu da sua muller e do seu fillo...

D. XERARDO

Interrumpindo.

Non, Pepa Andrea, non.

P. ANDREA

...Catro anos fai qu'eu lle escribin dándolle a notiza do nascimento, e catro anos fai que estou agardando as suas verbas, os seus cariños.

Quedan os dous acougados. Pepa Andrea pol-o peso da acordanza. D. Xerardo pol-o peso do amor,

ESCEA VI

Os mesmos e Pepiño

PEPIÑO

Entrando silandeiro e axexante.

Él, sempre él, o embruxado escolante, o loubicán, o raposo.

¡Sabraio todo!... xuro que ha de morrere.

Arrillado. Sae.

ESCEA VII

Pepa Andrea e don Xerardo saíndo do seu afogamento.

P. ANDREA

Algareira.

E vostede, D. Xerardo, ¿por qué non se casa?

D. XERARDO

Ademirado.

¿Eu?... ¿Pra qué?... ¿Pra morrer de fame eu, a miña muller e os meus fillos?

Calmo.

¿Pra non ter unha muller como eu quixera?
Non Pepa Andrea, non foi feito pra min o matrimonio!

P. ANDREA

Vencida.

Ten razón

D. XERARDO

Dempois d'unha calma longa.

A serán xa vai vindo e aínda teño que chegar á miña casa.

¡Deica a volta Pepa Andrea!

Vaise.

P. ANDREA

¡Qué lástema que iste meu compadre non sexa casado!

O mundo está feito ao revés!

*As derradeiras raiolas do sol bican es-
vaídas as douradas espigas.*

*O ventíño do mar trae nas suas faldrias
os sons das campaiñas.*

*As cántigas feitizas e chorosas dos ba-
rudos mozos e das mozas belidas,
déixanse ouir lonxanas.*

*É o día que morre; é a noite que ven pa-
seniña.*

PANO

O sobrado d'unha casa labrega, onde
a lus da noite se reflicte nos seus sos-
piros no edoso mobraxe, amcos d'unha
vida máis folgada.

Onde as feitizas raiolas da lua van alu-
meando os cadros de pinturas velhas,
pendurados das brancas paredes.

Onde o cintilar das estrelinhas, que en-
tra falangueiro pol-a fenestra do fonal,
agarima un recimo de frores marchadas
pol-o sol do día.

Duas portas feitizas á dereita e á es-
querda, comunican o sobrado coas de-
máis habitacións da casa.

CADRO SEGUNDO

«O río cando vai cheo
leva carballos e follas;
tamén podía levare
as lingoas marmuladoras.

O sobrado d'unha casa labrega, onde
a lus da noite vai vertendo os seus sos-
piros no edoso mobraxe, anacos d'unha
vida máis folgada.

Onde as feitizas raiolas da lua van alu-
meando os cadros de pinturas vellas,
pendurados das brancas paredes.

Onde o cintilar das estreliñas, que en-
tra falangueiro pol-a fenestra do fondal,
agarima un recimo de frores murchadas
pol-o sol do día.

Duas portas feitucas â dereita e â es-
querda, comunican o sobrado coas de-
máis habitacións da casa.

CADRO SEGUNDO

«O rio cando vai cheo
leva carballos e follas;
tamén podía levar
as linguas marimbuoras.

O sobrado d'unha casa labrega, onde
a luz da noite vai vertendo os seus sos-
piros no edoso mobraxe, anacos d'unha
vida máis folgada.

Onde as feiziñas raiolas da luz van alu-
meando os cadros de pinturas vellas,
pendurados das brancas paredes.
Onde o cintilar das estrelinhas, que en-
tra salangueiro pol-a fenestra do fonda-
l, agarima un recimo de flores murchadas
pol-o sol do día.

Duas portas leituas á dereita e á es-
querda, comunican o sobrado coas de-
mais habitacións da casa.

ESCEA I

Ao erguerse o pano aparece Pepiño correndo atrás d'unha mosca.

PEPIÑO

¡Que condanada... mala mar te coma... perdo a pucha se non te collo!

Coa mosca na man.

¡Atrapeiche!

O qu'è d'ista non te escapas, xuroo por San Paio que xa non probas mais mel.

Entramentras o tonto está falando á mosca a rousada Sariña entra pol-a porta da dereita, nas puntas dos pes, e tápalle coas mas os ollos a Pepiño.

PEPIÑO

¡Diaño!... Outra mosca tral-a mel... I é das boas. ¡Rechol!

SARIÑA

Surrindo e finxindo a vos.

Adiviñalle, adiviñalle o nome.

PEPIÑO

Tocando, picarento.

O seu nome... pois é... moi boa... abofellas
que tenche uns brazos... i uns cadrís, i-unhas...
unhas...

Facéndolle cóchegas.

SARIÑA

Fuxíndo.

¡Condanado, que vouche trabare!... ¡Qué cousas
ten!

PEPIÑO

Garimoso.

Ven, Sariña, ven trabare e colle a mel que
queiras.

SARIÑA

Inxenuamente.

¿A mel?... ¿E logo tí tes mel?

PEPIÑO

Indo pra ela.

Teño, Sariña, teño, aquí nos meus beizos.

Ven, ven collela coa tua boquiña.

Lle agarra as mans.

SARIÑA

¡Solta, solta, non sexas tolo... déixame!

PEPIÑO

¡Sariña, as moscas non fuxen da mell!...

SARIÑA

Carñenta.

¡Non quero, non quero!

PEPIÑO

...se apregan moito, moitismo á ela; i-alí (achegando a cara pra bicala) bican e bican hastra cansare.

E no mesmo momento que Pepiño vai desfrorare un bico na boca serriden-

*te de Sariña, escóitanse pasos e mur-
murio de xente que ven falando.*

SARIÑA

¡Deixa, deixa, que ven xente, solta!

Fuxe pol-a dereita.

PEPIÑO

¡Malos raios non me leven!... ¡Outra mosca que
me escapa... Hoxe non estou de boas.

ESCEA II

*Pepiño, D. Benito e o Sr. Andres, que
entran falando pol-a dereita.*

PEPIÑO

Homildoso.

¡Boas noites!

D. BENITO E O SR. ANDRÉS

¡Boas noites!

SR. ANDRÉS

A Pepiño.

Vai mirare a ver si o gando está na corte.

PEPIÑO

Saindo pol-a dereita.

Sí, señore.

ESCEA III

D. Benito e o Sr. Andrés soilos.

SR. ANDRÉS

Asexando e seguindo a fala.

¡Ai si o meu compadre vivira!... ¡Qué vergonza sentiría!

D. BENITO

Filosofo.

As creaturas creaaas Dios todas boas.

É a educazón, señor Andrés; son os bos i-os

malos consellos os que «sucesivamente» fan ás persoas boas ou malas.

I-os coidados han de sere máis «extremados» coas mulleres.

Con sorna e sentándose.

Logo, querido amigo... a muller casada estando fora o home élle un barco sin «piloto».

SR. ANDRÉS

Contendo a carraxe.

Pro, ¿qué barco nin qué piloto, D. Benito?

Calma; séntase.

¿Houbo, logo, en toda a aldeia unha nena máis ben criada?

¿Unha filla de pais máis cristianos?

¿Outra que fora á mellores escolas?

D. BENITO

Atallándoo súpeto.

Á qué escolas chamas boas, «impío»?

¿A isas da cibdade?

N-esas escolas boas foi onde escomenzou á sere mala, coqueteira e «frívola».

Si a deixasen eiqui baixo a miña tutela, outra cousa sería.

Máis craro, o pai d-ela, que Dios teña na gloria, marchouse á ise inferno d-as Américas, e a muller, muller ao fin, era unha «rutinaria» coma todas.

SR. ANDRÉS

Profundento.

Falando así, don Benito, faime a min cómplice i eu (coa man no peito) son tan limpo coma lus do sol.

Eu levei parte na súa educazón; criouse na miña casa; vira medrar; levabaa co meu fillo e os dous adepreñdialles con bos exemplos; e sempre que aconsellei a nai, foi como o señor Antonio (q. e. p. d.) decía nas suas cartas; i eu, facíao como si fora unha filla miña.

D. Benito quiere interrumpilo, mais o Sr. Andrés, sigue.

Ademáis, ¿cómo non había de infruir, coidadoso, na que iba a sere a miña nora?

D. BENITO

¡Todos, todos tivechedes algo de culpa!

SR. ANDRÉS

¡Non, don Benito, non; vostede sabe moi ben que cando a casou era boa e inocente coma unha pomba; as cousas que deprendeou nas escolas que vostede chama malas, o úneco mal que lle fixeron foi insiñar, facendoa mais paroleira, aquela inocencia da sua y-alma!

D. BENITO

Si, n-iso levas algo de razón..... Pro a mala semente inda non nascera; pouco tardou, coma ves.

SR. ANDRÉS

Disculpandoa.

Despóis de todo, mala non é; ten moi bon corazón.

D. BENITO

Súpeto.

Acabará por aldraxarillo ise mestre «ateo».

SR. ANDRÉS

Ise, ise vai sere a perda de nós todos.

D. BENITO

E será... Mentras eu queira.

Baixo.

Ha de pagar caro o seu «laicismo».

SR. ANDRÉS

O día que tal home apadriñou o meu neto, mais lle valera morrer ao anxeleño.

Non chegarían a vere os seus ollíños, a vergonza da sua nai!

Pepa Andrea entra pol-a dereita. Ven co seu filliño da man, que ao vere o seu abó, vai correndo pra xunto dél.

ESCEA IV

D. Benito, o Sr. Andrés, Pepa Andrea e o fillo.

SR. ANDRÉS

Estalle todo corrido que...

D. BENITO

Si, si; xa fala...

PEPA ANDREA

¡Boas noites!

D. BENITO

Erguéndose pra se marchar.

...¡Boas noites, nos dea Dios, Pepa Andrea!...

Ao señor Andrés.

...Avisará a Pepiño pra que vaia mañán á eirexa.

SR. ANDRÉS

*Que entramentras fala don Benito está
palicando co seu neto.*

¡Senta, senta aquí nas miñas pernas.

Ao cura.

Perda coidado; non m'esquencerei.

D. BENITO

Saindo pol-a dereita.

¡Boas noites a todos!

PEPA ANDREA

¡Boas noites, don Benito!

ESCEA V

Sr. Andrés, Pepa Andrea e o fillo.

*Pepa Andrea cambea as frores mur-
chas por outras iencende a lus,
mentras o señor Andrés fala co seu
neto.*

SR. ANDRÉS

Vês cansiño. ¿Folgaches moito hoxe, meu parli-
queiro?

XERARDIÑO

Sí, abolito. Fun cos fillos da tía Marica á festa.

PEPA ANDREA

Sentándose.

¡Hoxe, hoxe foi o seu día; brincou canto quixo.

SR. ANDRÉS

¿E logo?

PEPA ANDREA

Non tiveron escola.

SR. ANDRÉS

Tes razón.

Pausa.

É estrano que ise señor mestre non a puxera,
pois non ten respecto á nada.

PEPA ANDREA

É moi traballador e non quere deixalos da sua
man.

SR. ANDRÉS

Con sorna.

¡Da sua man!... ¿E qué pode insinarlles ise, máis que á ser descreentes.

PEPA ANDREA

¿Descreentes? Non vexo por qué.

SR. ANDRÉS

¿Por qué?

Porque il non ten Dios nin ten vergonza.

Xerardiño ponse a xogar no chan.

PEPA ANDREA

Hai moitas maneiras de vere á Dios; o de vostedes e tan pequeno, que non chega á velo.

SR. ANDRÉS

¡Velo, velo...!

Hirto.

O que non ve il nin tí, son as cousas que estades facendo,

PEPA ANDREA

Erguéndose hirta.

¿Qué quer decir con iso?

SR. ANDRÉS

Poñéndose a camiñar pol-a escea.

¡Pergúntalle aos do lugare, que eles ben o saben.

PEPA ANDREA

Achegándose a él, reita e supricante.

Pero, ¿qué saben?... ¿Qué din?

¡Fale, fale craro, coma un home.

SR. ANDRÉS

Pensando un pouco.

Xa que te pos así, xa que o queres saber pol-a miña boca, direicho todo.

Calma longa. Decidido.

O que din todos; o que a xente do lugar fala, é que tí e máis él...

PEPA ANDREA

Sentándose acougada pol-a door.

¡Virxe santa!... ¡Qué calumnial!... ¡Nai... naici-fia, qué malos son!... E son os bos, os que poñen sempre á Dios por diante das suas verbas.

SR. ANDRÉS

Impracabre.

Sí, son as boas persoas, as que viven no amor do Dios verdadeiro...

PEPA ANDREA

Non, non... minten... minten.

SR. ANDRÉS

....E tí, Pepa Andrea, si queres aniñar n-ise amor, en min e n-ista casa, fuxe, fuxe de ese de-

mo de home; arrédate da sua sombra de trasno,
aparta ao teu fillo, ao meu neto, da sua escola
maldita.

PEPA ANDREA

Resolta e acariñando o fillo.

Nón; eso nunca... nunca.

SR. ANDRÉS

Con tristura, mais forte.

Entón, Pepa Andrea, estás de máis n-esta casa;
n-ela non poden vivire as pecadoras.

*Hai un momento de silencio; a noite
paresce chorar a disgracia d'aquel
cadro.*

*Pepa Andrea, apertando ao seu filliño,
chora; o señor Andrés dempois d'un
pouco tempo de indiciseón, fuxe tris-
teiro pol-a dereita.*

ESCEA VI

Pepa Andrea e o fillo soilos.

PEPA ANDREA

Bicandoo.

Ven, ven meu filliño; ven e bica nas molladas
meixelas da tua nai, esmorecida pol-a caloña; al-
draxada pol-as marmulacios d-as lingoas cheiro-
sas; deslouvada pol-o teu abó.

¡Meu filliño!... Meu sol roibo...

¡Que desgraciadiños somos!

PEPIÑO

Ollando pol-a porta da dereita.

¡Soila!

¡Xa é miña!

Venceu o tonto, o criado, o sancristán.

Fuxe.

PEPA ANDREA

Volvendo do seu afogamento.

Mais, non tembres, filliño, non teñas medo!

¡Nas néboas da noite, eu che farei agarimo...

¡Nos camiños do día eu che buscarei un ana-
quiño de pan!

P A N O

P A N O

quão de pan!

Nos caminhos do dia eu chei buscarci um nua-
Nas névoas da noite eu chei agatimo...
Mais, non sempre, filhão, non teñas medo!

Correndo de seu apogeuado,

PERA ANDREA

FALTA

Venceu o tempo, o criado, o sacerdote,

!Xa e minha!

!Solal!

Olhando por a porta da janela,

PERZO

!Que desgraçadas somos!

!Men filhão!... Men sol tobo...

sas; desloavada por-o teu abo,

dirxada por as marmulacios d-as lingas chetro-

meixelas da tua nai, estorcecida por-a calosa; ni-

Ven, ven meu filhão; ven e bira nas molhadas

filhaado,

PERA ANDREA

Pera, fadado e o fillo soloso.

ESCELA VI

SEGUNDO AUTO

«Eu non teño pai nin nai,
nin irmán que por min chore
agora vou pol-o mundo,
noso Señor me console.»

O sol estaba no máis outo do ceo; na cociña d'aquela casa todo era calamento, soilo os estalidos dos toxos, que quantaban o xantar, ao sere lembonados pol-o lume brincador, fendían aquel silencio de morte.

O sol estaba no máis outo do ceo; pol-a fenestra frorida, que ô fondal da cociña hai, óllase a paisaxe aldeán en todo o esprender da sua verdescencia. N-aquíl intereor aspírase un cheirume doce, máis tristeiro.

Nos cacharros e mobres que alí hai,

s'adiviña, pol-o ben dispostos que se al-
contran, as máns d'unha muller.

O sol estaba outo e na metá do día;
pol-as portas da dereita e da esquerda en-
tran os sons algareiros da aldeia e os mal
soantes berridos das vacas n'as cortes.

Unha escada a dereita leva ao sobrado
d'aquela casa chea de pantasma do día.

ESCEA I

Ao erguerse o pano están na escea don Benito e Pepa Andrea falando sentados, e o tonto soprando no lume.

DON BENITO

Non, Pepa Andrea, non; esa non é a maneira de facerse boa; ese non é o camiño do arrepentimento.

Folgo curto.

Onte víronche falar na vila con ise incrédulo de mestre; con ise home causante da disgracia da tua familia.

PEPA ANDREA

Hirta.

Eu, eu, D. Benito, son dona de facel-o que queira, de falar con quen me veña en gana. Na miña vida ninguén debe nin ha de meterse.

DON BENITO

Eu son un «padre de almas»; debo coidare da

tua. Son un home encarregado de vixiar a tua honra, a do teu fillo e a do teu marido.

PEPA ANDREA

Hirta e con sorna.

Da miña honra perdida pol-as suas marmulaciós...

DON BENITO

Perdida por non seguires os meus consellos, por non escoitar as verbas do teu sogro.

PEPA ANDREA

Xa estou cansa, D. Benito, xa estou cansa de ouire todol-os días, e dende fai seis meses que sain da casa do meu sogro, os mesmos sermós, as mesmas tonterías...

DON BENITO

Interrumpindo.

¡Tonterías; chamarlle tonterías aos meus consellos!

PEPA ANDREA

Erguéndose e sinalando a porta

...mais, dende hoxe, non voltarán pol-a miña casa meus nemigos.

DON BENITO

Que se ergueó cáseque con Pepa Andrea.

Tí o quixeche. ¡Dios che teña da sua man.

Saindo pol a esquerda.

¡Nada pódese facer d-ela!

*A lumarada do lar vai rubindo pase-
niña pol-a chimenea hastra perderse
no ceo. Pepa Andrea séntase chorosa,
coa fronte enrugada pol-a tristura,
aficada na man. Pepiño, o tonto, pa-
resce estalar de carraxe; todo o seu
corpo trema, ruxe como o mar no in-
verno frío.*

ESCEA II

Pepa Andrea e Pepiño soilos

PEPIÑO

*Rompendo e tirando tod-o que alcontra
a man.*

¡Don Xerardo, sempre D. Xerardo... O lou-
bicán... ese maldito escolante. Heino de matare
coma un raposo; afogalo n-as miñas mans como á
unha cobra!

PEPA ANDREA

Queixosa.

¡Tí tamén, Pepiño, tí tamén contra min...
¡Todos sodes o mesmo, todos!

PEPIÑO

Ollándoa, fero.

¡Sí, contra tí... contra vosté. Contra os dous,
que mollán en verbas garimentas as suas falas.
Contra tí... contra vosté, que se bulra de todos,
que brinca con todos, que fere sin piedade.

Camiñando pola escea.

¡Cala, cala, non te poñas ansi; arreda ise maldito pensamento da tua cachola, non sintas receios.

Dándolle, agarimosa, no lombo.

Anda vai correndo chamar ó señor Andrés, dílle que veña,.. quero falarlle do seu neto.

Pepiño vaise pola esquerda homildoso, pro votando marmulaciós pol-a sua boca babuxenta. O lume, no lar, chora aquila escea; a estadea da malencolia revoa silandeira pol-a cocíña labrega. Pepa Andrea cae de sionllos o carón d'unha cadeira, solallante de door.

ESCEA III

Pepa Andrea (soila)

¡Miña santa, miña santa do ceo querida; escoita, ós teus pes de xionllos a triste probiña, aldraxada i esquencida de todos, de todos ferida. Si, xa sei que eu fun pecadora, que fun a perdida. Máis tí sabes que era orfa no mundo, que estaba soíña;

y-o loubán trás de mín camiñaba, ollándome sempre, ¡E caín, miña santa!... ¡E caín, miña virxe!... Pois eu era orfa, eu era soiliña!

Folgo curto.

E o pecado da miña vergoña no seo s'aniña, e xa brinca, algareiro, e parés que xa vexo a sorrisa que dibuxan seus beizos pequenos no abrente do día..... ¡Ninguén me perdoa!... ¡Ninguén me acariña!... ¡E tí, miña virxe do monte... raíña... non me deixes... non me deixes na terra soíña.

Silenzo. O fume da lumarada morriñenta leva na sua belida a dooriña pregaria de Pepa Andrea, iela, bagullenta, parece dormir agarimada por un feitizo pensamento.

ESCEA IV

Pepa Andreu de xionllos i o seu fillo entrando pol-a porta da esquerda con un paxariño na man.

XERARDIÑO

¡Nanai, naiciña, mira que paxariño!

PEPA ANDREA

*Sentándose no chan co seu fillo nos
brazos.*

¿Quén cho dou, meu filliño? ¿Quén-o puxo nas
tuas mans?

XERARDIÑO

Foi Nelo, o do señor Fernando.

PEPA ANDREA

Collendo o paxaro.

¡Probiño, está medoso... Mira, chora pol-a sua
nai. Lévaio, lévaio filliño e soltao; deixa que voe,
que vaia ao seu niño.

XERARDIÑO

Bicándoa.

Sí, nanai vouno soltare.

PEPA ANDREA

Sí, filliño... e así que o soltes, vai á escola e di-
lle á D. Xerardo que veña...

Saindo pol-a esquerda brincador.

Adiós.

PEPA ANDREA

...corre.

E aquila nai, cos ollos afogados en bágoas, ve como desaparece o anaco da sua carne, aquel bico frorescido nunha noite d'amor, que xa esbrugouse nas horas de lonxamento.

ESCEA V

Pepa Andrea (soila).

¡Adiós, meu filliño, adiós!... Cando voltes, xa a tua nai non ollará as tuas sorrisas, a tua boquiña non beixará máis que ás suas meixelas frías.

Erguéndose e rubindo a escaleira.

¡Vaise, vaise pra sempre deixándote máis pro-

be que o paxariño que traías na man. ¡Adeus, adeus todos!... Cando cheguedes, soilo aviscarán os vossos ollos unha vida murcha, un corpo cuberto co pano da morte.

*E no ar da cociña aínda brilan as
verbas languedecentes da despedida
ao desaparecer Pepa Andrea pol-a
porta.*

ESCEA VI

*Manoela e Sariña entran parolando
pol-a esquerda.*

SARIÑA

¿Pepiño? Topeino aló embaixo, no carreiro da fonte, Pergunteille á dónde iba, e non me fixo caso. Corría coma un tolo.

MANOELA

¡Coma tolo que é!

SARIÑA

¡Oí... non creías que é moito; eche máis listo do que parés! Ten máis veneno qu'un sapo!

MANOELA

Denantes non falabas así... (baixo) ben que che gustaba.

SARIÑA

Muller... unha cousa non ten que ver coa outra... goapo, éche moi goapo!

MANOELA

Despreciativa.

¡Por min que o leve o demo! Non che me gusta nin así. É máis, si hei de decil-a verdade, buscar, buscoume. (Parliqueira). Verás; vouche contalo que me pasou unha ves con él.

Séntanse as dúas ben agachadas.

Estaba eu unha mañán lavando no río do Castaño d'abaixo... (lembrándose) Eu con él nunca ti ven trato nin barato,... pro veral-o condanado ¡qué atrevido non él... Nunca me esquezo... e apareceuche moi campante, surrindo e facendo monadas. Eu, olino axiña, porque tí ben sabes que non che teño un pelo de tonta; e dixeran pra min: «Éste osma algo, e vaino alcontrare».

Estívome mirando un cacho d'enriba pra bai-

xo, e quen che dí á ti que deu en tembrar como unha vara verde, e botándome unha man ao peito i-outra aos cadrís, escomenzou á babearme na cara...; conque vou eu (aucionando), bótolle as mans,.. ¡tí, xa me entendes!... Deu un brinco coma un can doente, i-aseparouse de mín.

Sariña quer falar, pero Manoela non a deixa.

Pro veral o máis gracioso: en canto me deixou, votei a man á unha faldra mollada, e ao quererlle dar con ela nos morros, resbalei n-unha condanada d-unha pedra e caín no río tan longa era.

Sariña rise.

O dislengoado deuse en reirse, que eu mesmo pensei que morria. ¡A min, gracea me non fixo; abofellas!

SARIÑA

¿E despois?

MANOELA

¡Voteille mais pestes!

Seguindo o conto.

Con que d'alí a un pouco, chégase a min, e díce-me: «Manoeliña, si te deixas estar mollada vas a pillar un catarro que te vai levar Xudas; non te parés mellor que quitel-a roupa pra se secare...

SARIÑA

¡Mira ti o sacristán que malicioso é!

MANOELA

¡Así vexa a Dios, como foi certo!

SARIÑA

¿E ti que fixeches?

MANOELA

¡E que había de facere, muller! Collín o lote, e marchei pra casa molladiña coma un pito, i estiven oito días na cama con parches de sebo ao peito. ¡Pensei que morría, Sariña!

SARIÑA

Non, gracioso, éche gracioso abondo, eh!

MANOELA

¡Mira a outra! Farache gracia a tí... si estiveras
no meu pelexo!...

*Entra o señor Andrés pol-a esquerda,
deixando súpetas ás duas rapazas.*

ESCEA VII

Sariña, Manoela e o señor Andrés,

SR. ANDRES

Afogante.

¿Dónde está Pepa Andrea?

MANOELA

Mirando extranada a Sariña.

Non lle sei... Estará enriba.

SR. ANDRÉS

Rubindo pol-a escaleira.

¡Pro, que cousa máis rara!

MANOELA

Dándolle no codo a Sariña.

¿Qué che parece?... ¿Qué pasará?... É moi extraño que o señor Andrés se rebaixara a vire aquí.

SARIÑA

Non che sei. A mín dixeronme que...

MANOELA

Atallándoa,

Pois non se lle nota nada.

SARIÑA

¡Bo, bo. Pra todo hai arte; tontos non son. Ela está feita unha boa soleta.

SR. ANDRÉS

Dentro.

¡Mortal!... ¡Mortal!

Sariña e Manoela fuxen espavoridas.

¡Morta. Morreu ô notare a sua deshonra!

Baixa a escadeira e sênlase.

¡Nunca pensei qu'os meus ollos cansos viran tanta disgracia!

Calmo curto.

¡Probe filliño meu, nunca soñaches con tanta vergoña!

Cando teus ollos avisquen as enloitadas liñas que che falan da tua deshonra, morrerás de sentimento; teu corazón bondadoso non poderá conter tanta pesadume, e, pouco á pouco, irá marelecendo hastra non ter afogo.

Calmo.

¡Meu Antón, probe meu Antón, nunca máis voltarás pol-a tua terra; xa nunca os carreiros da aldeia sentirán as tuas pisadas; o teu corpo descansará no sono da morte, lonxe da familia.

Calmo longo.

Eu quedarei sô, sô n'esta terra chea de door, pra coidare do teu fillo, do meu neto, malpocado,

que no seu peligrinaxe pol-o mundo pagará os
pecados da súa nai: malfeitosa.

*Queda a escea cuberta por un silencio
de xielo; a i-alma da morta revoa in-
visibre, parece estar buscando o ca-
miño do iñoto.*

ESCEA VIII

Señor Andrés e don Xerardo.

D. XERARDO

Pol-a esquerda (Aburado).

¡Pepa, Pepa Andrea!

SR. ANDRÉS

Erguéndose súpeto.

Pepa Andrea xa non pode contestarlle.

D. XERARDO

¿Morreu?

SR. ANDRÉS

Hirto.

¡Matouna vosté, miserabre, que non é o mesmo!...

D. XERARDO

Arroutado.

¿Eu?... ¿Qué dí?...

Camiñando fero pol-a escea arrepuñando nos cabelos.

SR. ANDRÉS

Impracabre.

...Vosté, co seu amor podrecido, enrolándose n-ela coma unha cóbrega; embaucándoa coa sua língoa pezoñenta; meténdolle na cabeza insinos cheos de verbas fedegosas. Vosté, si, vosté foi o que coa mentira abreu o camiño da nosa disgracia.

Séntase.

¡Cobardes... cobardes... sapos fedorentos... treidores... que ingratidade... maldito rusticismo, maldito.

Calmo longo.

¡Rusticismo; verba feluxenta, rastexante, mesquiña; verba noxenta e pitañosa! ¡Albre podrecido, prantado pol os caciques cambuceiros da sociedade, d'isa sociedade que se chama culta, ben sabida e coruscante! ¡Pedra loura posta no cano da y-auga limpa e crara da cencia, pol-os ruíns e os baixos homes das cibdades e das vilas pra que ela non molle o seu insino as cacholas vírxenes e nobres dos moradores dos agros!

¡Rusticismo, lixoso rusticismo ¿cando o vento douto e sabido che levará pol-o vieiro do olvido pra deixarte no sartego do esquencimento? ¿Cando a gadaña segadora da liberdade agadañará contigo pra non deixar de tí nin un anaco n'ista terra formosa?. ¿Cando, meu Cristo, esta semente podredoirá que os que se chaman teus mensaxeiros na terra non quixeron despexar, mergullará no caos a túa mán santa e xusticiera. ¿Cándo, meu Cristo... cando?

*As nubens negras da tempestade vián
e reviran na escea acabalo das bruxas
lepiosas do pensamento ferido.*

*A gadaña da morte parece brilar nas
mans d'aqueles homes enfuscados
pol-a enconia e a odiosidade.*

ESCEA IX

*Señor Andrés, don Xerardo, don Beni-
lo e Pepiño.*

DON BENITO

Pol-a esquerda, trás d'el, Pepiño.

¿Onde está?. ¿Onde s'alcortra?

SR. ANDRÉS

*Siñalando a escadeira por donde ruben
o cura i o tonto.*

Aló enriba... no sobrado.

Calmo curto. Lembrándose.

¡Ladrós! ¡Criminaes! ¡Xogaron coa inocencia do
meu fillo; emporcáronse na lameira da luxuria,
esquencéndose do seu lonxamento.

DON XERARDO

Hirto mais respetuoso.

¡Cale, señor Andrés, cale; o meu peito ruxe torboento, noitebro! ¡Cale, non se bulre d-él con verbas aldraxantes; non faga qu'os lóstregos da vinganza que aniñan na miña cachola estalen rebellosos!

DON BENITO

Baixando.

¡Cheguei tarde! ¡Morreu sin confesare os moitos pecados que tiñal ¡Dios lle perdoe a su pasada vida!

DON XERARDO

Súpeto i erguido.

¡Vosté, vosté tamén! ¡Non apodreza, non en-zoupe coa sua boca alpurneira, con isa boca que sô debía decire verbas santas e puras, á i-alma nidia de Pepa Andrea, que vai rubindo ao in-findo enfeitizada d-un nimbeiro de estrelas...

DON BENITO

Interrumpindo.

«¡Sacrílego!» ¡Embruxado! Ainda ten afouteza pra...

DON XERARDO

Emoceanado.

...orballada caladiñamente, medosamente, pol-as raioliñas douradas do sol, que deseñando á modiño a sua morte vai. Acariñada pol-os arrechouchos melosiños dos paxaros cantareiros.

Ollando pol-a esquerda ô ceo.

¡Mire, mire, mesmo parece que aquilas nubes brancas, empuxadas pol-o vento xeleiro e tenro do mar leven dormida a i-alma lena da esnaquizada Pepa Andrea!

SR. ANDRÉS

Emoceanado.

¡Pepa Andrea! ¡A disgraciada, a pecadora...

DON XERARDO

¡Non, señor Andrés, non; a santa, a boa, a muller que quixo loitar contra a fumarada loura do mundo e caeu vencida por ela...

DON BENITO

Interrumpiudo.

Cheando de luxuria o seu corpo.

DON XERARDO

Hirto.

¿Qué val a materialidade do corpo, si o seu esprito está limpo; si a sua i-alma érguese e rube enfeitada de lus virxinal?

DON BENITO

Enfusto.

Sí, a sua i-alma limpa, pura, nidia como di vostede, castigará Dios xusticieiro... I-a vostede os xueces da terra pediranlle contas na cárcel.

DON XERARDO

¡Arrede, don Benito, arredede da sua cachola iso; qu'o meu Dios, o verdadeiro, o xusticieiro, acollerá garimento a que foi Pepa Andrea. E á min, ¿qué me importan todol-os xueces da terra si o meu sabe toda a verdade?

Entramentres don Xerardo está falando vai caíndo, paseniño, o pano.

AUTO TERCEIRO

CADRO PIRMEIRO

«O que non estivo lonxe
non sabe o que é padecer;
de lonxe as penas aumentan
para quen sabe querer».

E un fermoso día do mes d'as frores; o sol ensonñado repousa en elas, entramentras o reiseñor pon no pentagrama azul do ceo os sons d'unha trova namoreira, que os albres enfollados e as frores fachendosas recollen amorosiñamente.

Unha chousa vella, moi velliña, ferruxenta e destellada, óllase coma unha paradoxal n-aquel paisaxe solermeiro. Unha porta podre e furada dá ao camiño da esquerda. No intereior da chousa, moi pobre

en mobres, sentado nun tallo, vese un
velliño choroso falar con un neno que ten
no colo adormecido,

É un fermoso día do mes das frores;
pro as bagullas d'aquel vello, que van
pingando no podrecido chan, poñen un
pano de atristamento e mistereo.

ESCEA I

Señor Andrés e o seu neto durmiñento.

SR. ANDRÉS

Non chores, meu filliño, meu neto querido, non chores; deixa que os teus olliños cansos de baguillar, durmáñse acariñados pol-o sono. Acouga a tua cariña, os teus cabelos roibos nos meus brazos.

Deixao n'un colchón vello que hai no chan.

¡Meu probe, mesmo é un anxel do ceo; surríe, parece escoitare as miñas verbas! Durme, meu santo, arreda do teu virxinal pensamento as cousas noxentas da terra!

Sentándose no tallo.

¡Quen llo había de decire; él, que foi o mais rico do lugare, que tiña a maior riqueza da aldeia durme hoxe n-un colchón feito de pallas, esgumiado pol-a famel!

Calmo.

¡Ay, Pepa Andreal Fai des meses que as bágoas

do neto e do abó, mollar os camiños da aldea. Él chora pol-a sua mai morta; eu, o pecado feito que nos deixou na vergonza e na miseria.

Pol-as rendixas e buratos d'aquila chousa vella fuxen as tristesiras verbas do abó, mentras o neno durme acaloumiñado pol-a romance que nos salgueiros do río cantarexa o reiseñor.

ESCEA II

O señor Andrés, o neto e Manoela.

MANOELA

Chamando.

¿Se pode? ¿Quén hai na casa?

SR. ANDRÉS

¡Adiante!

MANOELA

Bós días nos dé Dios, señor Andrés!

SR. ANDRÉS

¡Tí os vexas, Manoela!

MANOELA

Baixando a cesta e poñendoa na mesa.

Pro, ¿qué fai o señor tan encollido? Sempre o al-
contro o mesmo; déixese de malos pensamentos.

Calmo curto. Alimpando.

¿Cómo non vai a dare unha voltiña? O mundo é
dos vivos, señor Andrés.

SR. ANDRÉS

Mais que vivo xa estou morto; as miñas forzas
van estambulladas pol-os anos e os pesares, pra
podere vivire coma os demais homes.

MANOELA

¡Bóh! ¡Déixese de contos! Coas poucas forzas
que vosté ten inda a de vivire mais anos que min.

SR. ANDRÉS

Nin quero nin debo. O úneco porque debera vi-

vir sería pra coidare de ise orfño, que por enco-
menzare a sua vida, ten dereito a que se lle faga
fermosa. ¿E que pode facer un vello como eu?

MANOELA

¡Cale a boca, señor, cale a boca! Dios é moi bo:
hanos de axudar a todos.

Valeirando a cesta.

Aquí lle traio unhas sardiñas que merquei on-
te na vila, un bolo de mistura e un pouco de leite.
¡Tenme que perdoar pol-o pouco que é, pro eu ta-
mén non lle ando moi folgada; dende que me
casei, fai oito meses, non teño un momento de
acougo.

SR. ANDRÉS

¡Graceas, Manoela! Dios cho pague; xa sabes
que non quero que fagas estas cousas.

MANOELA

¡Non diga eso, señor! Como vou a deixar mo-
rrer de fame a vosté, que foi tan bon, e o fillo da
que foi a miña señora, que Diol-a descanse.

Queda a escea unhos momentos cala-

*da. Manoela está acendendo o lume
no probe lar da chousa; o señor An-
drés profunda, amargurado, sobre
as cousas da vida. O reiseñor sigue
nos salgueiros cantando; o neniño,
n-aquel vello colchón sigue durmindo.*

MANOELA

Boeno; agora lle queda o lume aceso pra face-
re o xantar.

Calmo curto.

Co seu premiso voume a ver si fago o meu, que
xa non é sin tempo.

Vendo ao neno.

¡Meu anxeliño, como durme!

Saindo.

¡Hastra mais tarde, si Diol-o quer!

SR. ANDRÉS

¡Él che acompañe, Manoela!

ESCEA III

O señor Andrés e o neto.

SR. ANDRÉS

Dempois d'un pouco tempo. (Profundoso).

A bondade das creaturas é inestinguible cando aman, como profundo é o seu desgabo cando malqueren. Paresce como si o Creador nos fixera de duas metades de sentimentos, pra que choremos as disgracias alleas, tanto como malqueremos a quen as nosas procura. ¡O mundo é fermoso; a humanidade é boa! ¿Por qué cheguei a comprendelo cando xa a morte m'asexa pra levarme d'ela? Eu fun malo e irrefreixivo; fun fero con quen m'acariñaba. ¿Por qué, agora, sinto a y-alma mais grande? Será que sufrindo adeprendín a perdoar. Aquí n'esta chousa miserabre, que paresce as guedexas d'unha vida mellor, un nenño surrie durmindo e un abó suspira chorando.

Ollando pol a escea.

¡Todo m'arrecea e a todo temo!

A cachola branca do magoado vello,

*afadigada pol-a pesadume, dóbrase
hastra quedar encostada nas rechas
e tremantes mans. As nevoas de tris-
te saudade tendidas un cacho pol-a
parola d'a rousada Manoela voltaron
a xuntarse sobor d'aquila chousa,
onde as bágoas da lembranza teñen
a súa ermida.*

ESCEA IV

*O señor Andrés, o neto, Antón, un la-
zarillo i unha probe.*

ANTÓN

*Aparescendo pol-o fondal do carreiro
do brazo d'un lazarillo e guiados por
unha probe.*

¡Nobre Galicial! ¡Doce Suevia enfeitizada! Tral-o
roxo hourizonte, que lonxano se perde e se des-
maia, perdinche a ti, terra belida, terra amada;
pro levei na saudade que acoraba a miña y-alma,
o coor da tua paisaxe, dos teus regatos a calma; a

musca da follame pol-a bris sangal abaneada; a tua eterna sonrisa meiguiceira con que tanto te engrinaldas, cando nas augas te arrolas. ¡Ouh nai fecundosa, nidia, crara!

O mesto dos teus bosques onde mourá o reiseñor, íse teu ledor cantor, que entoa nas alboradas das mañanciñas beixiadas de doce e morno calor. Istos prácidos camiños, que cobreguean picoutos; o cheiro recendente dos teus pinos barudos, rexos, outos; a subprime barullada do rechouchío dos paxariños, que á nai Natureza cantan atolados e quedíños. A tua tenra enteireza, con que deixas arromper na terra o teu corazón, coa picaraña ou o raño, e o encredecido legón, ou con o arado romano, que, guiado pol-a man do laborento aldeano, a semente que en ti vota, fai que se convirta en pan.

Vexo as fráxiles barquiñas fendendo as ondas das rías, e pra que ti te surrias loitan en contra Aquilón, porque, lonxe, chosca un ollo, un faro roxo e bulrón.

A ti volto, terra miña, cego e mucho; a ti veño, terra, morto, porque me chea de arruallo o pensar que son capucho d'unha rosiña de maio da roseira do teu horto.

*Os albres enfollados e as frores fachen-
dosas, parescen bañarse n'aquel or-
ballo de verbas garimosas, que d'os
lembos magoentos do ceguíño, saíron
envoltos n'a saudade da lus.*

A PROBE

Xa chegamos; aquí viven os que preguntan
vostedes.

O LAZARILLO

¡Dios llo pague, señora!

Dalle unha esmola.

A PROBE

Bicándoa.

¡Moitas graceas, señor! Vaia pol-a i-alma dos
seus difuntiños.

Sigue o camiño.

ESCEA V

Os mesmos, menos a probe.

O LAZARILLO

Chamando.

¡Ei! ¿Quén hai?

SR. ANDRÉS

¡Chamán! ¿Quén pode sere á ista hora?

O LAZARILLO

Volvendo á chamar.

¿Se pode?

SR. ANDRÉS

Erguéndose e abrindo.

¿Quén é?

ANTÓN

Emoceanado.

¡Pai, pai querido!

SR. ANDRÉS

Dempóis de ollalo un pouco de tempo.

¡Fillo!..., ¡Antón!... ¡Meu filliño!

ANTÓN

¡Pai!... ¡Pai!...

Apértanse.

SR. ANDRÉS

¡Cego!... ¡Ves cego, filliño!... ¡Sin lus n-os ollos!... ¡Probel!...

Calmo curto. Levándoo do brazo.

¡Ven, séntate; has de vire cansol

ANTÓN

Un pouco; o camiño non foi longo. ¡A tristeza e a pesadume é a que m'afoga!

Séntase.

SR. ANDRÉS

Ao neno.

¡Esperta, filliño; teu pai te chama; mirao.

Levándoo nos brazos.

¡Toma, Antón; toma o teu neniño querido!

ANTÓN

Bicándoo e acariñándoo freboso.

¡Filliño!... ¡Meu filliño!... ¡Miña carne!... ¡Carne d-elal!... ¡Carne dos dous!... ¡Meu Dios! ¡Meu Dios! ¡Meu todo!...

Calmo un pouco longo.

Séntase o lazarillo.

SR. ANDRÉS

¡Teu todo!... ¡O noso todo, Antón, o úneco que nos queda na terra como recordo d-unha vida aldraxada por unha muller pecadora!...

ANTÓN

Súpeto.

¡Nón, meu pai, nó! Nin o seu pensamento, que por sere seu é o que máis adouro, manche a virtude de quen en vida foi mellor que eu!...

SR. ANDRÉS

Estranado.

¿Mellor?...

ANTÓN

Sí; eu son o úneco culpabre d-os desvairíos que

haxa feito; conmigo a é tamén a parte podrecida da sociedade en que vivimos.

Calmo curto.

¡A vida, meu pai, ensinoume moito; adeprendín á perdoar, porque xa sei d'unha ves pra sempre que cáseque todol-os males nos veñen porque así o queremos. Si eu soubera cando me casei o que sei hoxe, non pasara nada do que pasou.

Calmo.

Marchei ás Américas inda non fixera tres meses do noso casamento. Funme contra a súa vontade; ela me quería moito; eu non conoecía con que facilidade nos esquencemos cando é moito o alonxamento. Ela era moza, i-a natureza non se pode bulrar. Deixei na soila e cos latexos d'unha nova vida no seu seo; escribinlle pouco, e máis tarde, non rescibeu nin unha letra de min; pro ela seguía chamándome, garimosa e namorada, nas suas cartas; pero bulreime d-ela; así tivo que morrere o moito amor que por min tiña...

Calmo pequeno.

Eu seguín a miña vida de luxuria con unha muller de embruxada beleza, á quen lle daba todo o que tiña; estaba tolo por ela e nas suas mans era

como un probe moneco. Un día fuxeu levándome todo e nunca máis volvíñ a saber d-ela. Toleei de door; o meu peito estalaba d amor e de coraxe... Tiven vergoña de voltar á terra, de vel-o á voste-de, meu pai, de agarimar a miña muller santa, de bical-o meu filliño; tiven vergoña de todo, do mundo, da vida, e pol-o meu pensamento pasou a estadea do suicidio i-a miña man, tembroza, puxo na sen adoecente pol-a febre, o frío cañón do revólbre. A morte non quixo levarme; mais quedei cego; e cego vin o que denantes non asexaran os meus ollos cheos de lus...

SR. ANDRÉS

¡Cegos isos ollos que foron cheos de vida e voltan afogados en soma!

ANTÓN

...Soupen a morte de Pepa Andrea e ante o seu recordo, os meus ollos sin ledicia choraron; e a miña concencia deuse conta de que ela foi a boa, a úneca y-alma limpa das nosas duas y-almas...

SR. ANDRÉS

¡Cala, Antón, cala; non fales d'isa maneiral...

ANTÓN

...chorei sobor d'aquela carta que me decía da

morte d'ela, e as miñas bágoas d'arrepentimento deixaron humedoso aquel papel mensaxeiro de novas tristuras. Repasei a miña vida e a vín toda chea de podremia, toda afumada de ingratitudes, esquencida de prometimentos, ateigada de verbas incumpridas. Repasei a miña vida e pensei n'aquel anaco de terra que garda, acariñento, o corpo belido, o corpo amado da que foi miña esposa, e quixen voltar pra bicalo, pra pedirlle perdón.

SR. ANDRÉS

¡Cala, meu fillo; acouga un pouco o teu afogamento, molla os teus beizos, a tua gorxa n'un pouco de leite!

ANTÓN

¡Non, meu pai; antes qu'os meus beizos toquen algo, quero ir á bical-a terra onde ela durme o sono da outra vida; quero ir apertar a crus, que siña o lugare onde Pepa Andrea descansa pra sempre.

P A N O

morre e ela, e as minhas lágrimas d'interminavel
deixaram humedecido aquel papel manuscrito de
novas tristuras. Resolvi a minha vida e a vir toda
cheia de pobreza, toda alimada de trabalhos,
espançada de promettimentos, e de esperanças
incumpridas. Resolvi a minha vida e pensei agora
antes de ter a tua carta, acatando o corpo
deleito e corpo amado da que foi minha esposa e
dixen voltar pra diccio, pra pedirte perdão
e pedirte a tua vida, e pedirte a tua
e pedirte a tua vida, e pedirte a tua
e pedirte a tua vida, e pedirte a tua

! Cala, meu filho, acorda no ponto o teu alongo
meio, molle os teus beiços, e tua goza n'ua
pouca de leite!

Antão

Non, meu pai, antes da os meus beiços toquem
algo, quero ir a diccio a terra onde ela durmo e
são da outra vida, quero ir ver a tua casa,
são a lareira onde a tua Andrea deitou pra
sempre.

Antão

Calá, Antão, calá, não vá pra diccio.

Antão

Calá, Antão, calá, não vá pra diccio.

AUTO TERCEIRO

CADRO SEGUNDO

«Miña nai, non sei que teñen
as frores do campo santo,
que cando o vento as move
paresce que están chorando».

Un cimiterio, un probe e pequeno cimiterio de aldeia cheiño de herbas verdescentes, de frorescidas sempresnoivas e manoxos de brancas margaridas, deseñase no coor da serán. O sol, sospirando as derradeiras rayolas, vai debullando as suas bagoas de lus dourada sobor d'aquelas fosas, onde repousan anacos podrecidos de vidas que foron fermosas. Unha crus máis outa, unha crus máis negra i envolta na belida noitebra da soedade, érguese, chorando ao ceo d'aquela terra

sementada de osos. E unha crus feita de latexos amorosos e-afincada por unha man tremante na fosa de Pepa Andrea. Un cimiterio de aldeia, por donde ao caer a serán pasan voando os paxariños medosos e silandeiros.

ESCEA I

*Pepiño entra na escea ascando medo-
so e camiñando quedo pol-o médeo
das cruces, como tremando qu'os seus
pasos poidan espertar aos que pra
sempre durmen. De xionllos, pousa
un recimo de frores na fosa de Pepa
Andrea e fica un ponco de tempo sin
folgos, choroso, sospirante, entramen-
tras o vento brinca de crus en crus.*

PEPIÑO

Supricante.

¡Pai noso, pai noso que está aló no ceo, mira o
que na terra chora de angurias cheo! ¡Benditoso
sexa ise teu nome, qu'os meus beizos aldraxan
coa sua espuma de babeco. ¡Chámanos, chámanos
pra o teu amado reino e fágase a tua vontade;
perdoándonos, Señor, do noso afogamento. ¡A tua
vontade aquí na terra chea de homes pecaden-
tos. ¡Perdoános, Señor, aló no ceo! ¡O pan noso,
o pan coa tua carne feito, damo, noso Señor, que
estóu famento, e perdoa as nosas faltas, que moi-
tas, Señor, moitismas temos!...

Erguéndose súpeto.

¡Xente; ven xente; escoito os seus pasos!

Fuxe, e queda asexando atrás d'un alcíprés.

ESCEA II

Pepiño, o señor Andrés, co seu fillo do brazo, o lazarillo e Xerardiño.

PEPIÑO

Ollando aos que veñen.

¡Non, non... non pode sere... os ollos me minten... non é certo... se moven... veñen pra acó... son eles, si, son eles... Señor... Señor... quero fuxir... non poido... non poido... teño medo... estou morrendo!...

ANTÓN

¿Xa chegamos, meu pai... nos falta moito?

SR. ANDRÉS

¡Xa chegamos, Antón!

ANTÓN

¡Léveme xunto d'ela!

SR. ANDRES

¡Aquí a tes, Antón! aquí está a fosa onde durme Pepa Andrea; onde repousa a tua muller.

ANTÓN

De xionllos e bagullento.

¡Pepa... Pepa Andrea... Miña estrela... Miña probe froriña muchada... Escoítame... Escoítame...

Bicando a cruz.

¡Quero falarche... Quero decirche todo... Miña vida... Os meus pecados... Os meus sofrimentos... Pepa... Pepa Andrea... Tí fuche a santa... Tí fuches a boa... Eu sô, eu sô fun o malo... Eu sô fun..

SR. ANDRES

Acariñándolle a cachola.

¡Tí, non, meu fillo...

PEPIÑO

Trás do alciprés, supricante.

¡Pai noso, Pai noso...

SR. ANDRES

...tí non fuche, sô...

PEPIÑO

...que está, aló, no ceo...

SR. ANDRES

...fumos todos os que acó quedamos...

PEPIÑO

...mira o que na terra chora...

SR. ANDRES

...os que estivemos ô seu lado...

PEPIÑO

...de angurias cheo...

ANTÓN

¡Non! meu pai; fun eu só...

PEPIÑO

...benditoso sexa...

ANTÓN

...Pepa Andrea...

PEPIÑO

...ise teu nome...

ANTÓN

...os meus beizos aldraxan...

PEPIÑO

...coa sua espuma de babeco...

ANTÓN

...a tua imaxen pura... Perdón, perdón pol-o
mal que che fixen... Eu soílo fun...

PEPIÑO

*Entrando desencanaixado e caíndo de
xionllos no chan.*

¡Non, non; él non foi... Non foi... Non foi nin-
guén... Fun eu sô... Eu sô... O tonto... O sancris-
tán!

Rise, rise moi forte.

¡O... san...cris...tán!...

*Volta á rirse, agarrando coas suas
mans a gorxa, e cae morto.*

*Un cimiterio de Aldea; é o caer da se-
rán; os paxariños pasan voando so-
bor d'él, medosos e silandeiros. Unha
crus outa, unha crus negra abre os
seus brazos pra collere a derradeira
lus dourada do sol que morie. A cam-
pañña da irexa espalla pol-o ceo e a
terra o seu tanguido, e vai caíndo
moi amodiño o*

PANO



Rematouse de imprimir en "NOS"

Fabricacións Galegas e Imprenta

Rua do Villar, 16. Santiago

o XIII de Setembro de

MCMXXIII



PÓRTO

*Entrando de repente e cheio de
marchas de chan.*

*Non, non, el non foi... Non foi... Non foi nin-
guém... Partiu de... Bala... O tempo... O sanctis-
mo!*

Ele, não me pede

O... san... era... um!

*Volta a virar, agarrando com suas
mãos a gorra, e cae morto.*

*Um cemitério de Alácu! É o caer da se-
rêta; os paxerinhos pasam voando so-
bre o fl. medrosos e alandeiros. Uma
crus-canta; nua e cã, negra abre os
seus braços pra colher a doradeira
luz dourada do sol que morre. A cam-
poína da trexa espalha poi-o-seu e a
terra o seu tangado, e vai catando
moí amodino o*

PANO




Rematouse de imprimir en "NÓS"
Publicacións Galegas e Imprenta
Rua do Vilar, 15. Santiago
o XIII de Setembro de
MCMXXXIII





Reunión de Imprenta en 1852
Establecimiento G. J. y C. Ltda.
Rue de V. 15 - Santiago
6 XLI de Setiembre de
MCMXXIII





Prezo: 1'50, ptas.

REAL AC
GAL

A CO

394

Bibli

46

46

CADE

EGA

ORUN

CO

ote